

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**  
**CELEBRADA O DÍA 27/06/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. CARLOS COIRA LOJO  
DONA SONIA OUTON CASAL  
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO  
D. ALVARO CAROU GARCÍA  
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN  
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO  
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO  
D. JESUS REY RODRIGUEZ  
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN  
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO  
D. JULIO VARELA CARDALDA  
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ  
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ  
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO  
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/06/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria de data 30 de maio de 2024 e extraordinaria de data 20 de xuño de 2024.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes maio de 2024.
3. Aprobación definitiva, se procede, da Conta Xeral do Orzamento do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2023
4. Aprobación, se procede, do informe de seguimento do Plan de Acción polo clima e a enerxía sostible (PACES)
5. Aprobación, se procede, da declaración das obras de Novo Centro de Saúde de Vilagarcía de Arousa, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO
6. Aprobación, se procede, da declaración das obras de Ampliación do CIFP Fontecarmoa, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO
7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sobre a situación dos Conservatorios Municipais Galegos.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para instar á Xunta de Galicia a aprobación da Xornada contínua no IES O CARRIL.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a mellora dos medios da Policía Local de Vilagarcía de Arousa.
11. 1Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal Dona Elsa Pérez Fernández, D. Angel Figueiredo González e D. Alberto Fandiño Mariño utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA DE DATA 30 DE MAIO DE 2024 E EXTRAORDINARIA DE DATA 20 DE XUÑO DE 2024.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21), as actas das sesións anteriores, ordinaria de data 30 de maio de 2024 e extraordinaria de data 20 de xuño de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2024:** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:**

- 1 Comida Santa Rita 2024
- 1 Autorización gasto contrato menor
- 1 Baixa condutor asalariado adscrito a licenza de taxi
- 1 Corrección erro ampliación praza alegación PROINSA liquidación parking
- 1 Plan de seguridade e saúde obras
- 2 Autorización cambio de vehículo licenza taxi
- 1 Designación letrados expte. 139--2024
- 3 Expediente de transferencia de crédito
- 6 Expediente de modificación de crédito
- 1 Incorporación remanentes de créditos
- 2 Inscripción rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
- 2 Renovación licenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Baixa por inscrición indebida padrón habitantes
- 1 Autorización festa ao aire libre
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Autorización participación procesos selectivos Concello Pontevedra
- 2 Nomeamento funcionario/a interino/a
- 1 Concesión permiso sen soldo 2024
- 2 Bases probas selección de persoal
- 1 Comisión seleccionadora bolsas traballadora social e educadora social
- 1 Dedución haberes ausencia non xustificada
- 3 Substitución posto de categoría superior
- 1 Cambio defensa letrada procedementos RPT
- 1 Trámite de audiencia expediente
- 3 Recurso contencioso administrativo
- 10 Aprobación pregos de contratación
- 2 Estimativa derivación subsidiaria
- 3 Estimativa rehabilitación de créditos
- 1 Estimativa fallidos
- 1 Estimativa ICIO
- 5 Estimativa/deseestimativa pagos duplicados
- 18 Estimativa/deseestimativa taxas e prezos públicos
- 4 Estimativa compensación de débedas
- 3 Estimativa recibos
- 2 Estimativa alta taxas e prezos públicos
- 2 Estimativa cambio de xestión do ben inmovible

5 Estimatoria bonificacións no IBI  
14 Estimatoria liquidacións e baixas  
2 Estimatoria baixa no censo de taxas e prezos públicos  
41 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais IVTM  
4 Pago comisións bancarias  
8 Expedientes pagos facturas  
1 Pago préstamo bancario  
1 Ampliación horarios establecementos hostalería  
9 Deber de conservación  
9 Reposición da legalidade urbanística  
2 Expediente sancionador actividades  
22 Comunicacións previa obras menores  
2 Arquivo licenzas obras menores  
15 Concesión licenzas de obra menor  
4 Prórroga licenza de obra maior  
1 Legalización obra maior  
3 Concesión licenzas de obra maior  
1 Denegación licenza de obra maior  
1 Arquivo expedientes comunicación previa comercio polo miúdo  
1 Concesión licenza obra Centro de Saúde en Avda. Mariña  
1 Arquivo expediente por duplicidade  
1 Avocación competencias para ampliación prazo contrato  
1 Ampliación prazo contrato obras

TOTAL: 241

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023.

A conta xeral do exercicio 2023, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a Conta da Fundación Pública de Servizos

Deportivos Municipais do exercicio 2023.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como no art. 212.4 da LALG e o artigo 48 do RD Lei 11/2020 de 31 de marzo.

En consecuencia, vistos os Informes da Intervención municipal á Conta Xeral 2023 obrantes no expediente electrónico.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de maio de 2024.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Tendo en conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP de data 30 de maio de 2024, durante 15 días hábiles, sen que se presentasen alegacións.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación:

A aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ó exercicio 2023.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2023.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSdeG-PSOE (8) e nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (6), BNG (2) e EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar definitivamente a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ao exercicio 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES).**- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO : PROPOSTA PARA APROBAR O INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES)

O 25 de febreiro de 2021 o Concello de Vilagarcía de Arousa, en consonancia co seu compromiso coa sustentabilidade e a mellora ambiental, adheriuse ao Pacto das Alcaldías. O seguinte paso foi a elaboración do Plan de Acción para garantir o cumprimento dos obxectivos

de freo do cambio climático no horizonte 2030. Así, na sesión que tivo lugar o día 25/11/2021 o Pleno municipal acordou a aprobación do Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Vilagarcía.

Este Plan de acción estableceu un marco de actuación que axuda a materializar as ambicións de mitigación e adaptación ao cambio climático do Concello de Vilagarcía de Arousa co reto de cumprir os obxectivos de adhesión ao Pacto das Alcaldías:

- Reducir polo menos nun 40% as emisións de CO2 no Concello de Vilagarcía de Arousa ata o ano 2030, fixando o 2015 como ano de referencia.

- Incrementar a capacidade de resiliencia do Concello de Vilagarcía de Arousa mediante a adaptación ao cambio climático.

- Pola súa banda, o primeiro obxectivo básico está apoiado por dous complementarios:

Minimizar o consumo de enerxía no Concello.

Incrementar o nivel de implantación das enerxías renovables.

- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia (IER).

- Realizar unha avaliación dos riscos e vulnerabilidades derivados.

O principal obxectivo do Concello de Vilagarcía de Arousa coa elaboración do PACES foi contar cunha ferramenta municipal que describise a folla de ruta para acadar os compromisos adquiridos co Pacto das Alcaldías.

Toda planificación debe ir acompañada dun sistema de avaliación e seguimento, de xeito que se poda comprobar periodicamente o avance realizado e articular canles que permitan corrixir ou reconducir aquelas actuacións incluídas no Plan que por diversos motivos, e nalgúns casos alleos á Administración, a súa implantación non é viable.

Neste sentido, a metodoloxía de traballo do Pacto das Alcaldías solicita aos Concellos adheridos a elaboración e presentación dun INFORME DE SEGUIMIENTO, como forma de avaliación, control e comprobación dos obxectivos marcados cada dous anos, sendo este un dos compromisos que adquiren os asinantes do Pacto.

Este Informe de seguimento no que, ademais de realizar un inventario de emisións actualizado e comparado co do ano 2015, contén os resultados provisionais da execución do Plan de Acción que permiten avaliar os traballos xa realizados dende o ano de referencia ata a actualidade.

Este Informe de seguimento tamén serve de apoio e folla de ruta ao goberno local de cara aos próximos anos, xa que define con detalle as actuacións tanto de redución de emisións como de adaptación ao cambio climático e loita contra a pobreza enerxética que debe seguir o Concello para acadar os obxectivos de redución de emisións de CO2 para o 2030.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- A aprobación do INFORME DE SEGUIMIENTO do Plan de Acción polo clima e a enerxía sostible (PACES).

Vilagarcía de Arousa, da data da sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do informe de seguimento do Plan de Acción polo clima e a enerxía sostible (PACES)

- Sendo as 17:50 horas incorporase á sesión D. Juan Andrés Bayón Rolo.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con dezasete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), PP (7) e BNG (2) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1).

ACÓRDASE Por maioría aprobar o INFORME DE SEGUIMIENTO do Plan de Acción polo clima e a enerxía sostible (PACES).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

A continuación se debaten de forma conxunta os asuntos que figuran co número 5 e 6 na orde do día do pleno, realizando a votación dos mesmos por separado.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE NOVO CENTRO DE SAÚDE DE VILAGARCÍA DE AROUSA, COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DE BONIFICACIÓN DO ICIO:** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendas, do seguinte teor:

SOLICITUDE DE BONIFICACION ICIO

Antecedentes de feito: O SERVIZO GALEGO DE SAUDE solicita o 02/02/2024 (RE 1473 ) a bonificación no Icio correspondente a:

OBRA: NOVO CENTRO DE SAUDE VILAGARCIA DE AROUSA

SITUACION: AVDA DA MARIÑA

con fundamento no establecido na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada no art. 4.2.2) da Ordenanza Fiscal Nº I.3, que establece o seguinte:

“As construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais seralles de aplicación unha bonificación do 95% da cota.

A declaración de especial interese ou utilidade pública municipal corresponderá ao Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Proposta de resolución: A obra para a que se solicita a bonificación consiste na construción do NOVO CENTRO DE SAÚDE, que conta con licenza concedida por Resolución da Alcaldía de data 14/05/2024.

Considerando a normativa de aplicación, así como que o edificio a construír ten como finalidade a prestación de servizos sanitarios a toda a cidadanía, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE o carácter de obra de especial interese ou utilidade pública municipal, correspondendo ao Pleno acordar a bonificación do 95% na cota do Imposto.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital

A XEFA DA SECCION DE RENDAS

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a declaración das obras de Novo Centro de Saúde de Vilagarcía de Arousa, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración das obras de Novo Centro de Saúde de Vilagarcía de Arousa, como de especial interese, a efectos de bonificación do 95% do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=5>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO CEIP FONTECARMOA COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DE BONIFICACIÓN DO ICIO.** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendos do seguinte teor:

#### SOLICITUDE DE BONIFICACION ICIO

Antecedentes de feito: A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION, FORMACION PROFESIONAL E UNIVERSIDADES solicita o 12/12/2023 (RE 17584 ) a bonificación no Icio correspondente a:

OBRA: AMPLIACION CIFP FONTECARMOA

SITUACION: RUA FONTECARMOA

Con fundamento no establecido na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada o art. 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº 1.3, que establece o seguinte:

2.- O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal.

Proposta de resolución: A obra para a que se solicita a bonificación consiste na AMPLIACION DO CIFP FONTECARMOA. Trátase dun inmovible de carácter público, adicado á prestación de servizos educativos.

Considerando o exposto, infórmase favorablemente o carácter de obra de especial interese ou utilidade pública municipal.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital

A XEFA DA SECCION DE RENDAS

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a declaración das obras de ampliación do CEIP Fontecarmoa, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración das obras Ampliación do CEIP Fontecarmoa, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=6>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dña. Verónica Maneiro, en representación da ANPA do IES O Carril en relación coa moción presentada polo grupo polo grupo político municipal do PSG-PSOE, sobre a xornada continua no IES O Carril

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratar a continuación o asunto que figura co nº 9 do mesmo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=7>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á APROBACIÓN DA XORNADA CONTÍNUA NO IES O CARRIL-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE coa data 18 de xuño de 2024, do seguinte teor:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A APROBAR A XORNADA CONTÍNUA NO IES O CARRIL EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O IES O Carril ten unha xornada continua a excepción dos martes, día no que parte a súa xornada para ter dúas horas de xornada lectiva polas tardes.

Dende hai tempo a comunidade educativa vén estando claramente a favor de unificar todas as xornadas e instaurar un horario continuado todos os días.

Existen numerosas razóns para facilitar este cambio, defendido dende un criterio educativo e tamén de conciliación, así como para evitar problemas de continuidade educativa debido á diferenza de capacidade en termos de calidade da xornada de tarde neste formato.



Ademais dos criterios pedagóxicos, as cuestións organizativas e operativas tamén son relevantes. A comunidade educativa comparte a necesidade de facer este cambio, e as cuestións internas están planificadas para poder facelo.

A ANPA do IES O Carril vén reiterando nos últimos meses o acordo para acadar a xornada continua para o próximo curso, sendo a resposta final da Xunta de Galicia negativa. Unha medida que, teoricamente, contaba co apoio do Grupo do PP no Parlamento de Galicia, a proposta do Grupo Socialista, mais o PP da Xunta incumpre o citado acordo no Parlamento, conseguindo o enfado, lóxico, da comunidade educativa que estaba agardando esta decisión.

Con todo, o alumnado do IES O Carril e as súas familias seguen co mesmo problema e coa dificultade engadida de adaptarse a unha xornada partida que obriga a situacións de difícil xestión.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta o seguinte ACORDO ao Pleno da Corporación Local:

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galicia a facilitar todo o necesario para que poida producirse o cambio de xornada lectiva no IES O Carril para pasar a unha xornada continua todos os días da semana, tal e como demanda a comunidade educativa.

En Vilagarcía de Arousa, a 17 de xuño de 2024

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE para instar á Xunta de Galicia á aprobación da Xornada continua no IES O Carril, todos os días da semana.

- A seguir intervén Dona Verónica Maneiro, en representación da ANPA do IES O Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e instar á Xunta de Galicia a facilitar todo o necesario para que poida producirse o cambio de xornada lectiva no IES O Carril para pasar a unha xornada continua todos os días da semana, tal e como demanda a comunidade educativa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A SITUACIÓN DOS CONSERVATORIOS MUNICIPAIS**

**GALEGOS:** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, presentada coa data de 14 de xuño de 2024, do seguinte teor:

### **MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN DOS CONSERVATORIOS MUNICIPAIS GALEGOS**

Francisco Xabier Rodríguez Paz, portavoz do grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación en Pleno, se procede, a seguinte

## MOCIÓN:

### Exposición de motivos:

En Galiza existe unha rede de Conservatorios con ensinanzas especiais no ámbito musical regradas, e cuxas competencias son asumidas polos concellos onde se atopan situados, aínda tendo alumnado que reside nos concellos próximos ou incluso de vilas onde os conservatorios da Xunta se atopan sen prazas vacantes dos instrumentos escollidos polas estudantes. Ademais, temos centros que reciben estudantes do país veciño, Portugal.

Este é o caso de 23 conservatorios en todo o País. Concellos tan diversos como Tui, O Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Carballiño, Redondela, Ponteareas, Viveiro, Carballo, Cangas ou Monforte de Lemos entre outros, que deben asumir a xestión e o custo practicamente completo dos centros educativos de Música, con titulación oficial e regrada, no Grao Profesional e que dependen directamente da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Deste xeito, danse unha serie de circunstancias absurdas e contraditorias que só teñen o obxectivo claro, por parte da administración autonómica, de non asumir a competencia propia da Consellaría de Educación e así evitar os custos que supón o mantemento, dotacións e recursos, tanto materiais (instrumentos por exemplo) e dos docentes e non docentes do cadro de persoal.

Non parece apropiado que un concello asuma o custo desta etapa formativa ao alumnado matriculado no Conservatorio cando a súa residencia está noutro concello. Tampouco debера suceder que teña que facerse cargo do custe da contratación dun programa informático concreto que xestione as actas, solicitude de títulos... de xeito normalizado segundo os criterios da Consellaría.

Por outra parte, o alumnado matriculado nos conservatorios municipais está nunha situación clara de discriminación con respecto ao alumnado de conservatorios dependentes da Xunta e situados nas cidades (Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense ou Lugo), por cuestión do importe das taxas, que nos centros municipais sempre son maiores por mor do custo do servizo, recollido en ordenanzas municipais, aínda que non cobren unha mínima parte do necesario, permitido polas Intervencións Municipais por considerarse un servizo de interese xeral. Estes centros municipais tampouco teñen acceso ás listaxes de profesorado da Consellaría para a substitución de baixas laborais, permisos ou vacacións, ou mesmo para cubrir vacantes, dándose en numerosas ocasións situacións de imposibilidade de cobertura das mesmas e a consecuente falta de atención docente ao alumnado. Estas clases perdidas son practicamente imposibles de recuperar por cuestión de horarios e incompatibilidade do alumnado con outros estudos ou actividades.

Por outra parte, os concellos onde se atopan estes centros educativos Municipais, teñen unha longa tradición de agrupacións de diferentes ámbitos musicais e unha gran demanda de prazas, polo que non é factible a súa desaparición e peche.

Polo tanto, este posicionamento por parte do Goberno da Xunta de Galiza con respecto ao abandono das súas competencias está xerando un espolio de recursos dos Concellos. Éstes asumen a xestión e gastos que xeran servizos como as Escolas Infantís, Residencias de Maiores, Colexios no rural, Servizo de Axuda no Fogar, e un longo etc., minguando dese xeito os recursos orzamentarios en millóns de euros e deixando de executar actuacións, servizos e obras que si son competencia propia da administración local.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG formula as seguintes Propostas:

A Corporación Municipal insta ao Goberno galego a asumir por parte da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, as seguintes accións:

1- Asumir as súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.

2- En tanto planifican asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellaría de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.

3- Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.

4- Escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a ser Conservatorios da Xunta de Galiza.

Vilagarcía, a 14 de Xuño de 2024

Asdo.: F. Xabier Rodríguez Paz

Portavoz do Grupo municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa

Polo Sr. fajardo Recouso se indica que solicitou fai tres meses datos sobre o conservatorio e reitera a petición.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sobre a situación dos Conservatorios Municipais Galegos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e EU (1) e sete votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e instar ao Goberno Galego a asumir por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, as seguintes accións:

1- Asumir as súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.

2- En tanto planifican asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellaría de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.

3- Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.

4- Escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a ser Conservatorios da Xunta de Galiza.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A MELLORA DOS MEDIOS DA POLICÍA LOCAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA:** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de xuño de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97

do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de xuño de 2024 a seguinte MOCIÓN:

Mellora dos medios da Policía Local de Vilagarcía de Arousa

EXPOÑEN

En Vilagarcía de Arousa tiñamos a sorte de contar con efectivos da Garda Civil, Policía Nacional e da Policía Local. Lamentablemente, o goberno do estado de Pedro Sánchez decidiu suprimir o cuartel da garda civil. Dende o Partido Popular temos levado mocións para defender a todos os corpos e forzas de seguridade do estado e, nesta ocasión, centraremos a moción a debater na mellora dos medios da Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

No Partido Popular de Vilagarcía estamos especialmente preocupados pola seguridade persoal dos axentes e que dispoñan dos medios precisos e máis actualizados posible no corpo da Policía Local a fin de que poidan desempeñar mellor o seu traballo, por exemplo, con novos equipos de protección individual, cursos formativos, mellora das instalacións, etc... Estas melloras repercutirán indubidablemente na cidadanía de Vilagarcía.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal os seguintes acordos:

1- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa actualice e mellore os equipos de protección e seguridade persoal do corpo de Policía Local.

2.- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa mellore os equipamentos materiais e tecnolóxicos da Policía Local.

Ana Granja – Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a mellora dos medios da Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

- Sendo as 19:20 horas auséntase definitivamente do Pleno Dona Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán, D. Alvaro Carou García e D. Lino Mouriño Santiago.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (15 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1- Que se melloren os equipos de protección e seguridade persoal do corpo de Policía Local.

2.- Que se melloren os equipamentos materiais e tecnolóxicos da Policía Local.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **13.- RESPOSTA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as Delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.** Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240627&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:45, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.